



ESTATUTOS Asociación ARELA

Revisado por:	Aprobado por:
 Asdo. Julio Barreiro González Director.	 Asdo. Santiago Fernández Fandiño Presidente.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ESTATUTOS		DOC-IAIM-ES
Edición 6	Data de edición: 23/11/2017	PÁXINA 2 de 12



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

arela

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. A presente asociación denominarase Asociación ARELA, acolléndose ao disposto na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3. A asociación terá como fins o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade de Galicia, en situación de desprotección e/ou conflito social, fomentando iniciativas de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen.

A asociación tentará, na medida do posíbel, contar cos medios persoais e materiais axeitados e coa organización idónea para garantir o cumprimento dos seus fins.

En todo caso, a actividade da asociación estará aberta a calquera outro beneficiario que reúna os requisitos legal e estatutariamente previstos, avaliándose o seu acceso en función da capacidade dos recursos da asociación e a súa propia sustentabilidade.

Artigo 4. Para o cumprimento destes fins, a asociación creará todos aqueles recursos e infraestruturas necesarios (casas de familia, centros de día..., e calquera outro proxecto ou actividade encamiñado á consecución dos referidos obxectivos).

A asociación tentará ser escoitada e tida en conta na preparación de disposicións relacionadas coa materia propia da súa actividade, procurando presentar a súa visión sobre as necesidades da infancia e da mocidade diante dos organismos públicos e/ou privados.

Artigo 5. O domicilio social da asociación sitúase na cidade de Vigo, na rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo, co C.P. 36.205, da provincia de Pontevedra. Poderán ser utilizados outros locais asociativos adicionais na mesma ou noutras cidades, se así o acorda a Xunta Directiva.

Artigo 6. O ámbito territorial de acción da asociación abranguerá a Comunidade Autónoma de Galiza.

CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS E ASOCIADAS

Artigo 7. A asociación conta con socios numerarios. Terán condición de socios e socias numerarios aquelas persoas que teñan unha implicación e compromiso coa entidade recoñecidos pola Asemblea Xeral, que traballen para dar impulso á entidade,


Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11, baixo, 36005, Vigo, Pontevedra
www.arela.org | Tif. e fax: 986 212537

ESTATUTOS		DOC-IAIM-ES	
Edición 6	Data de edición: 23/11/2017	PÁXINA 3 de 12	



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS



que transmitan os sinais de identidade de ARELA e que teñan capacidade de decisión nas asembleas.

Poden solicitar ser socios ou socias de ARELA, con voz e voto nas asembleas, aquelas persoas maiores de idade que leven traballando activamente na entidade durante un ano, que demostraran o desexo de implicarse máis no proxecto da mesma e que coñezan os dereitos e deberes dos asociados e asociadas. Tamén poden solicitar ser socios ou socias de ARELA as persoas que, sen ser traballadoras da entidade, teñan colaborado durante dous anos de forma continua e reiterada cos proxectos que esta desenvolve.

Artigo 8. O proceso para adquirir a condición de socia ou socio numerario será o seguinte:

- Cando unha persoa cumpra os requisitos establecidos para ser socio ou socia, deberá solicitalo por escrito á Xunta Directiva.
- A Xunta Directiva valorará a solicitude; se é o caso, alzará a proposta á próxima Asemblea Xeral da asociación.
- A Asemblea Xeral será quen ratifique a condición de socio ou socia da persoa solicitante.

Artigo 9. Son dereitos dos socios e socias numerarios:

- participar con voz e voto nas asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias;
- poder elixir e ser elixido para os cargos da Xunta Directiva, sempre que non exista incompatibilidade;
- facer suxestións aos membros da Xunta Directiva de cara a mellorar o cumprimento dos fins da asociación;
- emitir o seu voto nas cuestións que o requiran;
- concorrer ás reunións ás que sexan convocados; solicitar reunións extraordinarias da Asemblea Xeral naqueles casos en que, ao seu xuízo, sexa preciso.

Artigo 10. Son deberes dos socios e socias numerarios:

- velar polo cumprimento dos fins que inspiran a creación da asociación;
- contribuír co compromiso adquirido ao sostemento da asociación;
- concorrer ás reunións ás que sexan convocados polos órganos directivos da asociación;
- desempeñar os cargos para os que foron elixidos.


Artigo 11. A condición de socia ou socio numerario perderase:

- por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva;
- por realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación;
- cando se deixe de traballar activamente na asociación, podendo volver a solicitar ser socio ou socia, sempre que se teña interese, nese mesmo momento;

Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11, baixo, 36005, Vigo, Pontevedra
www.arela.org | Tlf. e fax: 986 212537

ESTATUTOS		DOC-IAIM-ES
Edición 6	Data de edición: 23/11/2017	PÁXINA 4 de 12



- por faltar a dúas asembleas xerais consecutivas sen causa xustificada.

Por último, a Xunta Directiva poderá elevar á Asemblea Xeral Extraordinaria unha proposta de expulsión para algún membro da asociación, de xeito argumentado. (A decisión da Xunta Directiva adoptárase por decisión favorábel dos dous terzos dos membros presentes, sendo imprescindible a asistencia dos tres cuartos da totalidade dos membros. Idéntico quórum esixírase para estes casos nas asembleas xerais extraordinarias).

Artigo 12. Con posterioridade á decisión, fundada, da Xunta Directiva, a socia ou socio sancionado coa perda de tal calidade poderá recorrer á Asemblea Xeral na primeira convocatoria que se produza.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11, baixo, 36005, Vigo, Pontevedra
www.arela.org | Tlf. e fax: 986 212537

ESTATUTOS		DOC-IAIM-ES
Edición 6	Data de edición: 23/11/2017	PÁXINA 5 de 12



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

arela

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 13. O goberno e a representación da asociación están a cargo dos seguintes órganos:

- a Asemblea Xeral, máximo órgano de goberno;
- a Xunta Directiva, órgano colexiado no que a Asemblea delega a representación da asociación;
- a Presidencia, a Secretaría e a Tesourería, órganos unipersoais e con funcións de goberno e representación determinados polos presentes estatutos.

Artigo 14. A Asemblea Xeral é o órgano supremo da asociación e estará composta por todos os socios e socias que asistan a cada convocatoria, sempre que concorran a metade máis un do total dos asociados e asociadas na primeira convocatoria ou con calquera número de asociados e asociadas asistentes na segunda. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse democraticamente.

Artigo 15. A Asemblea Xeral reunirase, polo menos, unha vez ao ano en sesión ordinaria. Ademais, poderá ser convocada en sesión extraordinaria pola Xunta Directiva cando así o esixan os intereses da asociación, ou cando o soliciten polo menos dous terzos dos asociados e asociadas. Neste último caso, a Asemblea poderá ser convocada por medio dun escrito dirixido á Xunta Directiva, autorizado coas sinaturas dos e das solicitantes, no que se expoña o motivo e a orde do día desta convocatoria.

Artigo 16. A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase necesariamente dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio.

Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con quince días de antelación pola Xunta Directiva da asociación e deberá ser notificada por escrito aos asociados e asociadas.

Na convocatoria aparecerán o lugar, a data e a hora de celebración da Asemblea, así como a orde do día coa relación concreta dos temas que se van tratar e os anexos que sexan pertinentes. Tamén figurará a hora da segunda convocatoria, sen que entre esta e a primeira poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 17. Os acordos tomaranse por maioría simple dos votos dos asistentes cando se trate dunha Asemblea Xeral Ordinaria e por maioría dos dous terzos dos asistentes cando se trate dunha Asemblea Xeral Extraordinaria.

Será precisa a maioría cualificada dos votos das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destes, para:

- ratificar a expulsión das e dos asociados propostos pola Xunta Directiva;
- aprobar a federación con outras asociacións;

Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11, baixo, 36005, Vigo, Pontevedra
www.arela.org | Tlf. e fax: 986 212537

ESTATUTOS		DOC-IAIM-ES
Edición 6	Data de edición: 23/11/2017	PÁXINA 6 de 12



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

arela

- solicitar a declaración de utilidade pública.

Artigo 18. Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva;
- examinar e aprobar, no seu caso, o estado de contas;
- aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da asociación;
- calquera outra que non sexa competencia exclusiva da Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 19. Son facultades da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- o nomeamento dos membros da Xunta Directiva;
- a modificación dos Estatutos;
- a disolución da asociación e o nomeamento dos liquidadores;
- a disposición e alleamento dos bens;
- a expulsión de socios ou socias, proposta pola Xunta Directiva;
- a constitución de federacións e a integración nelas;
- a modificación da estrutura interna e/ou organizativa da entidade.

Artigo 20. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos os asociados e asociadas, mesmo os non asistentes. As sesións comezarán coa lectura por parte do secretario ou secretaria da acta da asemblea anterior, que deberá ser aprobada. A continuación comunicárase a orde do día. Sobre cada punto dará información o membro da Xunta Directiva que corresponda, procedéndose á súa aprobación nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados todos os asuntos da orde do día abrírase, se así o consideran oportuno os asistentes, a quenda de preguntas e suxestións. Concluído este punto a presidencia dará por rematada a sesión.

Artigo 21. Poderase recorrer contra os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da asociación perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución deste recurso quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Artigo 22. A asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva composta por tres persoas que desempeñarán os cargos de presidencia, secretaria e tesourería, así como por outros dous que serán vogais. Ademais, asistirá ás reunións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, a persoa á que se lle encomende a dirección técnica da asociación, servindo esta de nexo de unión entre este órgano e o Equipo Directivo da Entidade.

Todos os cargos electos que compoñen a Xunta Directiva deberán estar asociados, ser maiores de idade, estar en pleno uso dos seus dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Os/As compoñentes dos órganos de goberno e representación da asociación non poderán ser remunerados/as en función dos seus cargos.


Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11, baixo, 36005, Vigo, Pontevedra
www.arela.org | Tif. e fax: 986 212537

ESTATUTOS		DOC-IAIM-ES
Edición 6	Data de edición: 23/11/2017	PÁXINA 7 de 12



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS



Poderán ser remunerados/as pola prestación de servizos diferentes ás funcións que lles corresponden como tales membros do órgano de goberno ou representación sempre e cando se dean as seguintes condicións:

- a) que o importe da remuneración tome como referencia:
- a. para o caso de relación laboral, o convenio colectivo de aplicación en cada momento, cunha alza máxima do dez por cento (10%) sobre os salarios (salario base e complementos) previstos no citado convenio colectivo de aplicación; e
 - b. para o caso de relación mercantil, os prezos medios de mercado acreditados por medio de perito independente antes de fixarse a remuneración;
- b) que se respecten todos os criterios xerais fixados en cada momento pola normativa reguladora de asociacións, de asociacións de utilidade pública e de mecenado

Os/as compoñentes da Xunta Directiva serán designados pola Asemblea Xeral, en convocatoria extraordinaria.

O seu mandato terá unha duración de tres anos, podendo ser reelixidos/as.

Artigo 23. Os membros da Xunta Directiva poderán ser cesados polas seguintes causas:

- falecemento;
- incumprimento das obrigas encomendadas;
- renuncia voluntaria manifestada por escrito á Xunta Directiva;
- cumprimento do prazo para o que foron escollidos.

Artigo 24. A Xunta Directiva reunirse con carácter ordinario unha vez ao trimestre e con carácter extraordinario cantas veces o determine a presidencia ou por petición de tres dos seus membros ou da persoa que ostenta o cargo de dirección e/ou o Equipo Directivo.

Realizada a convocatoria, a Xunta Directiva quedará constituída pola asistencia da metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto da persoa que desempeña o cargo da presidencia será de calidade.

Artigo 25. As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral. En particular son facultades da Xunta Directiva:

- dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos;
- executar os acordos da Asemblea Xeral;
- convocar a Asemblea Xeral;

Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11, baixo, 36005, Vigo, Pontevedra
www.arela.org | Tlf. e fax: 986 212537

ESTATUTOS		DOC-IAIM-ES
Edición 6	Data de edición: 23/11/2017	PÁXINA 8 de 12



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

arela

- formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Plans Estratégicos e os Plans Operativos Anuais da entidade, así como a memoria de xestión correspondente;
- formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento do exercicio, así como os balances e as contas do exercicio pechado;
- resolver sobre a admisión de novos asociados ou asociadas;
- supervisar o traballo da persoa ou persoas que ostentan a dirección da entidade e/ou o Equipo Directivo.
- exercer a alta dirección, inspección, vixilancia e orientación do labor da asociación;
- interpretar e desenvolver, no seu caso, coa oportuna normativa complementaria, os estatutos ;
- propoñer á Asemblea Xeral a ratificación da apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións, programas e/ou servizos;
- e todas aquelas que lle poida encargar a Asemblea de socios e socias.

A Xunta Directiva poderá delegar as súas facultades na persoa que ostenta a dirección da entidade e/ou no Equipo Directivo da entidade.

Artigo 26. Son funcións da persoa á que se lle encomenda a presidencia:

- a representación legal da asociación;
- velar polos fins da asociación;
- convocar e presidir a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral tanto en convocatoria ordinaria como extraordinaria; Aqueloutras que se deduzan ou sexan consecuencia dos poderes que especificamente lle outorgue a Asemblea Xeral.

Artigo 27. Son funcións da persoa á que se lle encomenda a tesourería:

- custodiar os fondos da asociación e os libros de contabilidade, que estarán ao día;
- velar porque se confeccionen os proxectos de orzamento e balance anuais, que presentará na Asemblea Xeral;
- substituír ao presidente ou presidenta na súa ausencia; neste caso, asumirá as súas mesmas atribucións;
- aqueloutras que expresamente poida indicarlle a Asemblea Xeral.


Artigo 28. Son funcións da persoa á que se lle encomenda a secretaría:

- custodiar a documentación e libros oficiais da asociación, agás os libros de contabilidade;
- redactar as actas das reunións da Asemblea Xeral e das reunións da Xunta Directiva, asinándoas xunto co Presidente ou Presidenta;
- redactar as convocatorias das Asembleas Xerais e das Xuntas Directivas, elaborando a orde do día co visto bo da presidencia;
- informar aos socios e socias sobre os acordos tomados polos diferentes órganos de xestión da asociación;
- certificar e remitir aos asociados e asociadas, así como aos organismos competentes que o soliciten, copia das actas das

Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11, baixo, 36005, Vigo, Pontevedra
www.arela.org | Tif. e fax: 986 212537

ESTATUTOS		DOC-IAIM-ES
Edición 6	Data de edición: 23/11/2017	PÁXINA 9 de 12




- reunións e dos acordos nelas adoptados pola Asemblea Xeral ou pola Xunta Directiva;
- aqueloutros que expresamente poida indicarlle a Asemblea Xeral.



ESTATUTOS		DOC-IAIM-ES
Edición 6	Data de edición: 23/11/2017	PÁXINA 10 de 12



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS



CAPÍTULO IV DO PATRIMONIO E ORZAMENTOS

Artigo 29. A asociación, no momento de iniciar as súas actividades, carece de patrimonio fundacional.

Artigo 30. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano. Así, o seu orzamento será anual e deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria do exercicio económico que corresponda e a liquidación do orzamento terase que presentar, necesariamente, na Asemblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior ao remate do exercicio.

Artigo 31. Os recursos económicos dos que dispón a asociación para o cumprimento dos seus fins son:

- as cotas periódicas, que se establezan en cada momento, dos asociados e asociadas;
- as cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e que sexan aprobadas pola Asemblea Xeral;
- as doazóns ou subvencións que poidan conceder organismos públicos, entidades privadas ou particulares;
- os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación;
- calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

En todo caso, a asociación deberá destinar á realización dos seus fins, polo menos, o mínimo legalmente esixido polas distintas normativas actuais ou futuras en materia de mecenado, asociacións e relativos á utilidade pública, ou ás respectivas figuras xurídicas que a estas puidesen substituír, así como dar ao resto de rendas e ingresos o destino previsto por dita normativa e na forma e prazos previstos pola mesma.

En relación coas actividades, rendas, explotacións e demais activos en xeral, a asociación aterase igualmente aos mesmos límites indicados no parágrafo anterior.

A asociación elaborará anualmente unha memoria económica co contido e forma e nos prazos previstos pola mesma normativa indicada e cumprirá en xeral todas as demais obrigas contábeis, de rendición de contas e de actividade que no futuro se puidesen derivar das sucesivas reformas normativas.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 32. O Regulamento de réxime interno, de ser o caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, sen que poidan ir, en ningún caso, en contra do estipulado neles.

Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11, baixo, 36005, Vigo, Pontevedra
www.arela.org | Tif. e fax: 986 212537

ESTATUTOS		DOC-IAIM-ES	
Edición 6	Data de edición: 23/11/2017	PÁXINA 11 de 12	



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

arela

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 33. Os presentes estatutos só poderán ser modificados, reformados ou derogados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorábel dos dous terzos dos integrantes da mesma.

Artigo 34. A asociación disolverase polas seguintes causas:

- . pola vontade das dúas terceiras partes dos asociados e asociadas;
- . por outras causas determinadas legalmente;
- . por sentenza xudicial.

Artigo 35. Acordada a disolución da asociación, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará, entre os socios e socias, tres persoas liquidadoras, que, xunto ás persoas nos cargos da presidencia e da tesourería, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación doarase a outra entidade de carácter non lucrativo e cos mesmos fins que ARELA Iniciativas de Apío á Infancia e á Mocidade, inscrita no Rexistro de asociacións correspondente e considerada como entidade beneficiaria do mecenado aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Disposición transitoria única. As modificacións estatutarias acordadas na asemblea xeral de 23 de novembro de 2017 ratifican os criterios xa adoptados previamente pola Asemblea Xeral da asociación e serán de aplicación dende o día 1 de xaneiro de 2015, debendo efectuarse unha comprobación da súa correcta aplicación e, se fose o caso, o reintegro de cantidades percibidas en exceso, se as houberse.

Disposición adicional. En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

ESTATUTOS		DOC-IAIM-ES
Edición 6	Data de edición: 23/11/2017	PÁXINA 12 de 12



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

arela

FRANCESCA CARBONELL ARGIBAY, con DNI 36.115.857 S, Secretaria da Asociación ARELA, con CIF G-36.846.152 e enderezo social en Vigo, na rúa Ernesto Lecuona nº11, baixo VIGO, da que é Presidente Don Santiago Fernández Fandiño, con DNI 36.114.736 K

FAI CONSTAR

que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións acordadas na Asemblea xeral extraordinaria de data 23 de novembro de 2017, seguindo o procedemento e coas maiorías previstas establecido nos estatutos.

E para que así conste aos efectos oportunos asino e selo a presente certificación contando co visto bo do Presidente en Vigo a 28 de novembro de 2017.

Asdo. A Secretaria.
Francesca Carbonell Argibay

Vº Bº do Presidente.
Santiago Fernández Fandiño

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Quedan VISADOS os presentes ESTATUTOS de ASOCIACIÓN... (A)
correspondendolle o número... 1998/127... Sección... 1ª...
do REXISTRO CENTRAL desta Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela

28 NOV. 2017

O/A ENCARGADO/A DO REXISTRO



Maria Amadora Rodriguez Carreira

(A) ASOCIACIÓN ARELA

Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11, baixo, 36005, Vigo, Pontevedra
www.arela.org | Tif. e fax: 986 212537